

**DEBELLIO
SANTANI**



**2012/13
ESTALEKTANO REBOLVANO**

ÍNDICE

PORTADA(1º PREMIO), AUTOR	DIEGO PAZÓ, 2º BACH A
EDITORIAL	PÁX 1
O ENSINO EN LOITA	PÁX 2-3
JOSÉ LUIS SAMPEDRO	PÁX 4-5
PORTADAS MANUAIS	PÁX 6
PORTADAS DIXITAIS	PÁX 7
GOIA-BLACKPOOL	PÁX 8-9
GOIA-GUILDFORD	PÁX 10-11
CRISE NUMÉRICA	PÁX 12-13
LAND ART NA BOUZA	PÁX 14-17
VIAXE A CANTABRIA	PÁX 18-19
DE ALUMNA A TEACHER	PÁX 20
OLA	PÁX 21
COUSAS QUE FIXEMOS	PÁX 22-23
CHARLA CON YASMINA	PÁX 24- 27
ALMAS CORROMPIDAS	PÁX 28-29
REALIDADE AUMENTADA	PÁX 30
RECETA DA FELICIDADE	PÁX 31
XENTE DO INSTI	PÁX 32
UNHA VIAXE AO CARIBE	PÁX 33-36
UN DÍA EN GUIMARÃES	PÁX 37
MOVÉMONOS BASTANTE	PÁX 38-41
HAI QUIEN XA REMATOU	PÁX 42-43
PREMIOS ETC	PÁX 44
CONTRAPORTADA	ALEJANDRO MONTES 1º BACH C

Editorial

Un ano máis con todos vós. Este Besbello Saltón nunca morre.


Como todos os anos o noso agradecemento vai para a xente que colabora, e para os demais tamén porque seguro que non o fixeron por falta de tempo e non por falta de gañas de facelo.



Non te esquezas de visitar a web do insti:

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesalexandreboveda/>

CONSELLO DE REDACCION



O ensino en loita

Recesión. Crisis. Depresión. Prima de risco. Paro. Recortes. Máis alumnos por aula. Menos profesores. Menos material. Menos orzamentos. Menos e peor atención. Esta é a situación que día a día vivimos estudantes de todo o estado, sufrindo por uns recortes que no canto de sacarnos no pozo, onde eles mesmos nos meteron, afúndennos aínda máis.

Pero do seo da máis rancia dereita conservadora aparece o maior ataque á educación pública da historia da "democracia" en España: a LOMCE, unha lei non pactada, que non ten en conta á comunidade educativa. A lei de mellora da calidade educativa, que no canto de melloralala a esnaquiza, é sexista, segregadora, mercantilizadora, españolizadora e un insulto para todos os que día a día traballamos por unha educación xusta, democrática e eficaz, que nos ensine a aprender, a pensar, a razoar, en definitiva, a formarnos como individuos cultos, libres e felices.

Pretenden impoñernos unha lei ideolóxica que nos devolve a unha educación franquista con reválidas en primaria, ESO e bacharelato; botándonos do sistema educativo a un saturado mercado laboral sen apenas formación, cunha FP básica sen graduado escolar. Borra o pasado suprimindo a historia contemporánea, a máis actual: a revolución francesa, as oleadas revolucionarias, o movemento obreiro e a súa ideoloxía marxista, os fascismos, as guerras mundiais, e as crisis que tanto teñen que ver co momento actual que estamos a vivir.

A democracia nos centros está ferida de morte cun director cuxa función será a dun empresario con poder para contratar profesorado, puidendo ser elixido externamente. O consello escolar pasa a ser un órgano simplemente consultivo. Desaparece a selectividade, agora as universidades decidirán como valorar o seu acceso, mediante probas, entrevistas, etc, onde desaparece a igualdade de oportunidades.

Unha suba de taxas brutal, que xunto a desaparición de becas, obriganos a endeudarnos se queremos estudar un grao universitario (de gran "calidade" grazas ao plan Bolonia do PSOE), o cal decantará ao alumnado a ciclos de peor formación, sobrecargados e sen recursos. A dereita consegue o seu obxectivo: man de obra barata, sen formación e inculta, moi manipulable.

Unha reforma franquista, segregadora, mercantilista, que empobrece e desmantela a educación tal e como a coñecemos, fomentando os concertos e a ensinanza privada (tamén en colexios que segregan por sexo). Unha reforma que relega ao galego a non ser materia obrigatoria para obter o graduado escolar, atacando a cultura do país, "españolizándonos" unha vez máis.

Ante estes ataques ideolóxicos tan directos contra todo o público, estudantes e profesores poñémonos en pé de loita contra a LOMCE e todos os recortes que vivimos día a día na nosa pel. Manifestacións, conferencias, charlas, peches, venres negros... foron parte do noso calendario escolar este curso, pero non nos imos deter agora. A burguesía ten medo a un pobo culto, porque a cultura é a única arma contra os poderosos que ven temblar a súa posición, e nós temos esa arma, e imos loitar con ela: a educación!



Por unha educación pública, universal, laica e de calidade.
¡NON á LOMCE nin aos recortes en educación!

"A educación é a arma máis poderosa que podes empregar para cambiar o mundo"
Nelson Mandela

Víctor Maneiro Hervella
Asemblea Estudiantes Vigo



*José Luís
Sampedro.*

*“Praza, pobo e
palabra”.10-4-
2013.*

Hai dous días

que morreu o escritor español José Luís Sampedro, aos seus 96 anos este humanista e economista nacido en Tanger conseguiu moitos avances humanísticos e en dereitos da poboación española. El avogou por unha economía "máis humana, máis solidaria, capaz de contribuír a desenvolver a dignidade dos pobos". Conseguiu premios como a Orde das Artes e das Letras e o premio Nacional das letras, ademais participou no 15 M.

Na clase de hoxe Chis permitiunos ver unha das últimas entrevistas deste grande home a cal lle fixo Iñaki Gabilondo sobre a suposta Xeración Perdida e o 15 M. O primeiro que dixo Sampedro é que non somos unha xeración perdida, todo o contrario, estamos e participamos a través do 15 M.

Sampedro di que a democracia está pervertida, que a pesar de que os políticos nos sigan enganando, nós lles seguimos votando. Dixo

unha frase que me gusto moito "Praza, pobo e palabra" con isto non quixo dicir que é o pobo o que ten a tixola polo mango e quen ten que decidir como saír desta gran crise, pero iso si, non intentar cambiar as cousas coa violencia, porque a violencia é o que nos leva a perder e nestes momento a violencia reside nas leis.


Sodes o futuro" iso é o que nos di Sampedro, o sistema está roto e esgotou o noso estímulo, temos a Igrexa cada vez máis afastada da nosa vida corrente e defensora dunha sexualidade antinatura. A economía está a fomentar un desenvolvemento insostible, o medio e os recursos estánsenos a esgotar e estámolos a destruír. O futuro desenvolvemento ten que basearse no ecolóxico, defender o medio, un desenvolvemento ético para todos, conseguindo eliminar a igrexa, á economía e á política.

Educásenos dende pequenos para non ter pensamento propio. A democracia non nos fai libres" Isto é o que nos di Sampedro e tamén di que estes políticos destruíron os valores de liberdade, xustiza e fraternidade e os cambiaron por produtividade e competitividade.

El fai unha comparación entre os tempos de Franco e a actualidade, como el tivo que sobrevivir e como eran sometidos polo réxime, pero como o foron destruindo pouco a pouco e sen violencia. Pois os mozos temos unha tarefa cotiá que é traballar, comer... pero sobre todo temos que contribuír a que se vaian, a ser un mesmo e a vivir a vida mellorando e crecendo, contribuír sobre todo na educación e temos que civilizar esta sociedade.

Alejandro Vázquez Somoza, 2º Bach C

PORTADAS "A MAR"




AIRHOA FERRÁNDEZ 3º C



ALFONSO ÁLVAREZ 4º D



ANDREA RODRÍGUEZ 4º A




I.E.S. ALEXANDRE BÓVEDA
2012-2013
LUCAS VIOGARA 3º A



CURSO 2012/2013
I.E.S. ALEXANDRE BÓVEDA

ARIANA PÉREZ 2º BACH A



PABLO A. PEREIRA 4º C


PORTADAS DIXITAIS




IES ALEXANDRE BÓVEDA
CARLA ALVITE 1º BACH B



CRISTIAN FERREÑO 1º BACH A
O besbello saltón



HUGO GARIDE 1º BACH A



IES Alexanda Bóveda
MARÍA ALBORJA 1º BACH B



MARÍA CARPERA 1º BACH B



VICTOR MAREIRO 1º BACH C

COIA-BLACKPOOL CONNECTION

"Blackpool?" asks one student. "Piscina negra?" questions his classmate. "Is it because all the lakes and rivers where you're from are dirty?" And there began my explanation of what Blackpool, and the North West of England has to offer. My name is Siobhan Johnson, and I have been the *auxiliar de conversación* for the English Department at Alexandre Bóveda since October. Many would think that Vigo and Galicia are very different to where I come from, but like Vigo, in Blackpool, it rains a lot! I live near the region of the Lake District, which like Galicia, is a region of mountains, incredible views, and charming people, so my stay here this year has reminded me a lot of home. Coming to Galicia this year has been a welcome change from last year, where I was an *auxiliar* in Menorca, in the Balearic Islands. The difference in scenery, food, culture and regional language has been lovely and enriching. One day I particularly enjoyed in winter was *Magosto* in the mountain with the students; roasting chestnuts and watching everyone sing and dance traditional songs.



Coming from the region of Lancashire , I think in the beginning my accent was a little unusual, and despite a few early laughs about how I pronounce 'mum' and 'bus' I think students have warmed to hearing about what England has to offer them if they were to ever visit.

The interest that comes from students as to why I am here, what I like about Galicia, what food I prefer and most importantly, whether I can speak *galego* has been asked throughout the year, from all age groups, and is something I delight in answering. The answer to the last question is no, not really, unless you count *patacas, bos días* and *malo será* (which comes in useful when it's raining and I want to go to the beach).

My experience this year in Vigo, and at *Alexandre Bóveda* has been unforgettable. The opportunity to be rotated with all year groups has been great, to work with them from

when they first arrive at Alexandre Bóveda, until their final year, preparing for life after school has been a privilege. The interest from the students in not only improving their English, but widening their knowledge of British culture has been something which I have taken pleasure in helping them with. From translating song lyrics about domestic violence, teaching about British cuisine (chips, pies, crumble, gravy, stuffing and many other delicious things), educating about great British pastimes (drinking tea, conker wars and playing cricket), to practicing how to go to the doctor or book a hotel room, it all has been a varied pleasure which I am very grateful for. Furthermore, something which I have really enjoyed has been my Library English classes with the teachers. Each teacher brings their own sense of humour and stories to each week of class, and it has been a unique opportunity to get to know teachers of other subjects on a personal level through various speaking activities.

To both the student and wide teaching body, I would like to thank everyone for accepting me into the Alexandre Bóveda family. Furthermore, I appreciate the opportunities that you have given me at the school outside the classroom, days such as Magosto mentioned before, as well as accompanying the English Department to Santiago, and later Porto and Guimaraes with the History Department, I feel proud to have shared the days with such mature and conscientious students.



Siobhan Johnson é profesora auxiliar de conversación do departamento de inglés

COIA-GUILDFORD CONNECTION

Entre setembro e outubro, tivemos en Kings College 27 estudantes do IES A. Bóveda, que estiveron alí co programa *Vigo en Inglés*.

Durante o día ían a clase cos nosos estudantes - cada un deles seguía o horario dun dos nosos - así que tiveron a posibilidade de coñecer moitos rapaces ingleses da súa idade, aprender inglés e descubrir moitas cousas novas sobre o sistema escolar e a cultura inglesa en xeral.

Como foi unha experiencia moi positiva para todos, decidimos escribir ao director do Instituto, Francisco Centeno, para intentar organizar un intercambio. O director e o corpo docente mostráronse entusiastas coa idea, así que foi moi doado organizar a nosa viaxe en tan pouco tempo - máis ou menos 4 meses.

No intercambio participaron 10 dos nosos estudantes -5 rapaces e 5 rapazas, case todos estudantes de español - que tiveron máis ou menos a mesma experiencia que os españois tiveran en Kings College (aínda que só durante unha semana), e ademais foron aloxados polas familias dalgúns estudantes.

Foi unha experiencia estupenda e moi útil para eles: ademais de poder practicar un pouco o castelán, puideron aprender moito sobre a vida corrente dos rapaces españois da súa idade.



Un particular agradecemento débese ao Alcalde e ao Concello de Vigo, que co seu patrocinio fixo a viaxe moi asequible para os nosos estudantes; a María Luz Valencia e ao xa mencionado director, Francisco Centeno, polo seu apoio e pola impecable organización; aos profesores que nos aloxaron a Jill Loveridge e a min, Sara González e Ana M^a Alvarez; e a todos os demais profesores, estudantes e familias que participaron no intercambio.

Como foi todo un éxito, esperamos poder repetir a experiencia todos os anos, a partir do que vén, para ofrecer a mesma posibilidade a máis estudantes españois e ingleses, fortalecendo a amizade entre oIES Alexandre Bóveda e Kings College.

Miguel Forti é profesor do King's College de Guildford

Intercambio

A experiencia que tivemos cos ingleses aquí en Vigo foi moi parecida á que tivemos nós ali. Sempre estabamos falando, rindo, cantando cancións en inglés ou mesmo facendo bromas. A miña opinión é que hai que manter esta proposta en anos seguintes, xá que a parte de mellorar o noso nivel de inglés, coñecemos xente doutro país e doutras culturas que mesmo poden ter gustos parecidos aos nosos, e eu falo persoalmente polo fútbol. Máis alá da relación escolar e temporal, trátase de establecer unha relación persoal. Todos botabamos unhas risas e pasámolo xenial, que ao fin e ao cabo, é o que importa!



Iván Capelo (4º ESO A)

CRISE NUMÉRICA

“-O mundo enteiro está en vilo: por que está Cristiano Ronaldo triste?”

Non, non, esas non son as noticias que quero escoitar! A ver, onde están? Ah, aquí. Prestade atención.

“-O índice de paro aumenta dunha maneira dramática debido a...”

“-A folga xeral está programada para o día...”

“-Os expertos din que esta situación de crise durará, coma mínimo...”

Vedes? Soamente se fai referencia a degradante situación económica e social do mundo nos telexornais actuais. Pero que pasa coas malas épocas que temos pasado nós, os números? Nunca se falou delas, nin sequera foron noticia. A verdade é que os humanos son uns verdadeiros egoístas e desagradecidos: úsannos para case todo e non nos fan caso cando temos problemas. Que vergoña!

Por iso estou eu aquí, para facervos ver que o noso mundo non estivo sempre baixo a tranquilidade que produce unha división exacta, senón que tamén tivemos tempos escuros.

Todo comezou cando as novas técnicas e descubrimentos matemáticos empezaron a necesitar o uso dos números irracionais ou decimais de forma case continua. Aos “frikis” das mates xa non lle servían as contas en papel ou o contar cos dedos da man: tiñan que enfrontarse a números moi grandes que metían medo e se escoraban das súas infinitas cifras. Por iso, moitos deles tiveron que ser encerrados en letras, por exemplo o 3,141592654...que quedou reducido a π , ou o 2,71828182...que pasou a chamarse dunha maneira moito máis sinxela: e . Isto non lle facía graza a estes números que, en vinganza, tentaban aparecer no maior número de fórmulas posibles para complicarlle a vida aos matemáticos e científicos. Pero esta nova técnica non rematou cos problemas das contas, que seguían a encher follas e follas, e a gastar bolis, lapis e gomas. Chegamos á primeira crise: manifestacións e mobilizacións polos obxectos antes citados debido ao seu excesivo uso, que acurtaba a súa vida de xeito alarmante. A estes actos, uníronse aqueles números grandes dos que falamos, demandando un espazo libre onde tódolos seus díxitos tivesen o mesmo valor e se respectasen, sen ter que estar sometidos á frase: “Cando vos apareza un número periódico ou irracional collede soamente as primeiras dúas

cifras ou aproximade”, típica frase dos mestres que non se daban conta da humillación que lle producían a aqueles números que quedaban fóra da operación.

Foi neste momento cando se inventou algo que daría a volta ao mundo dos números: a calculadora, tan adorada por uns e rexeitada por outros. Nun principio, este novo invento obtivo moito éxito no mundo dos científicos e dos matemáticos de alto rango. Os números irracionais e periódicos estaban encantados, porque xa tiñan un lugar onde todos participaban, e os utensilios coma os lapis, as gomas, os bolis... atopábanse moi contentos, xa que o seu uso reducírase ao xusto. Todo parecía que se arraxara ata que os nenos comezaron a mercar e a facer uso das calculadoras. Os profesores non querían que o alumnado as utilizase, porque empezaban a loitar contra a típica frase dos estudantes: “por que teño que saber facer iso se a calculadora faino por min?”. Isto poñía de moi mal humor aos docentes e terminaron por prohibir o uso das calculadoras nos centros de ensino. Foi entón cando chegou a segunda crise. Todos os que loitaran na anterior uníronse a esta, para protestar, xunto cos nenos, contra as medidas impostas polos profesores. Este conflito rematou dunha maneira xusta: os nenos entenderon que era necesario ter uns coñecementos básicos, e os mestres asumiron que había algunhas operacións nas que nin sequera eles se entendían, ademais de saber que tiñan a batalla perdida contra as innovacións da tecnoloxía.



Gustouvos? Así é coma se chegou a esta situación actual na que a calculadora está completamente aceptada, tanto polos docentes coma polos alumnos. Gustaríame destacar que esta é unha historia de protestas e folgas, unha historia onde a loita non esta ausente, unha historia, polo tanto, actual.

Vera Rodríguez Naz 4ºESO A é a gañadora do III concurso de relatos convocado polo departamento de Matemáticas

Land Art no parque da Bouza

esta actividade desenvolvida por alumnos de 4º de ESO tiña como finalidade poñelos en contacto con diferentes formas de expresión das artes plásticas, menos coñecidas, pero que son capaces de dar valor á percepción do noso medio natural.

O Land Art é unha das vangardas artísticas que xurde nos anos 60, na que o espazo natural se converte no lugar sobre o que crear, con elementos atopados na propia natureza. Traballa case sempre con formas xeométricas básicas (circunferencias, espirais, liñas zigzagueantes, esferas,...) que contrastan coas xeometrías máis complexas dos espazos naturais. A cor e a luz, así como o paso do tempo son tamén elementos na composición das obras, que polo seu carácter case sempre efímero son rexistradas a través da fotografía ou do audiovisual. Como expresa Andy Goldsworthy sente unha forte conexión coa terra



O feito de que os rapaces saian ó espazo natural e constrúan unha nova ollada sobre un lugar público de convivencia próximo ó centro enriquece a súa experiencia e axuda a valorar e dignificar o potencial do lugar. Algunhas das accións son moi sixelas: limpar o solo arredor dunha árbore, entrelazar margaridas ou tentar atrapar a luz... mover unha pedra do seu lugar, rodeala. O importante máis aló do resultado estético, moitas veces só perceptible para determinadas sensibilidades, é o pensamento que contén a propia acción, a reflexión sobre o funcionamento dos espazos naturais. Tentar CAMBIAR A OLLADA...



“Chegamos ó parque co profesor. Ía se un día distinto. Na Bouza había moitas cousas que nos axudarían a realizar a nosa obra. Aquel día nós fixemos arte. Arte distinta, desá que non se ve nos museos, e non por iso deixaba de selo.

A Bouza era coma un mundo por explorar, mundo que temos preto e que non apreciamos como se merece. O traballo fixo que nos centrasemos naquel lugar dun xeito que nunca fixeramos. Puidemos apreciar distintos ambientes no mesmo parque. Na nosa obra quixemos mostrar dous deles: o prado e o espazo que linda con este, cheo de árbores, co chan sen apenas herba, e onde no momento no que quedas só parece vivir nunha campá de irrealidade. Sentamos baixo o Sol, rodeadas de margaridas. Pechamos os ollos e respiramos fondo, nun intento de sintetizarnos ca nosa contorna e visualizar o que íamos facer.

A idea vennos de contado, decidimos coller aquelas flores e unilas entre si. Aquela unión creaba unha especie de cadea, que logo penduramos da pola dunha árbore que separaba aquel prado da outra zona máis sombría. A intención da nosa obra non era destacar, con ela pretendiamos unificar dalgún xeito os dous espazos e crear un híbrido que fose a mestura dos dous. Aquel híbrido era a árbore cas pequenas cadeas.”



"A miña idea era, mediante as margaridas, facer o oposto ás sombras das árbores, como se tratase de atrapar un dos focos de luz que aparecía entre as árbores. Marcar ese instante co branco das margaridas, o máis complicado foi que co paso do tempo a luz movíase e perdía a forma."

Ander 4°C

"Escollimos utilizar un tronco oco que enchemos de margaridas brancas baixando polo tronco ata chegar ó chan, no que conectaban co flores brancas miúdas que enchían o oco do final do tronco. Dende alí margaridas amarelas facían un camiño, delimitado por unha especie de valado feito cos materiais que o chan nos ofrecía, rematando nunha concavidade do terreo."

Nadía 4°D (con Laura)



Inés, Raquel, Ana, Laura, Marta, 4°B



Mario, Rogelio, 4°C





Camilla, Eva 4ºD



André 4ºD



Junior, Enrique, Juan Diego 4ºD



Adrián, Gabriel, Cristian, Samuel 4ºD



Erea, Sabela 4ºD



Abelardo , Manuel , Andrés 4°C



Adrián, 4°D



Leonor, 4°D



Águeda 4°B, Alba, Carla 4°C



Adrián, Gabriel, Cristian, Samuel 4°D



Aser, Daniel, Pablo 4°C



Diego, Raúl, Adrián, Alejandro, Daniel, David 4°B

VIAXE A CANTABRIA-ASTURIAS

Os días 18,19,20,21 e 22 de marzo deste curso, os alumnos de 3º e 4º da ESO, acompañados polas profes Conchi, Carmen e unha profe doutro insti chamada Candelas, realizamos unha viaxe pedagóxica na que mesturamos o estudo da bioloxía coa educación física.

Sáímos do instituto o día 18 ás sete da mañá. Todos tiñamos cara de durmidos e agradecemos a viaxe en autobús para recuperar o sono perdido. Despois de varias horas no bus chegamos a nosa primeira parada: León. Alí paseamos un rato xunto coas profes visitando os grandes monumentos coma a catedral, pero pronto se enfadaron connosco polo pouco caso que facíamos ás súas explicacións e decidiron deixarnos libres. Nós, moi contentos, dedicámonos a xantar e a remexer pola cidade mentres facíamos tempo para volver ao bus. O seguinte traxecto en autobús resultou interminable e moi cansado. Antes de chegar ao noso destino final, un hotel en Cantabria, paramos nun pobo chamado “Comillas”, no que visitamos un camposanto.

O seguinte día foi moi emocionante e divertido. Despois do primeiro contratempo do día (o autobús non funcionaba), dirixímonos cara o



Parque da Natureza de Cabárceno, un lugar moi bonito onde puidemos ver moitos animais e disfrutar da fermosa paisaxe que rodea o recinto. Xantamos no mesmo parque e pola tarde presenciamos a actuación das aves rapaces. Despois do espectáculo dirixímonos cara Santander, onde visitamos

“El Palacio de la Magdalena”, un edificio fermoso e cheo de historia.

O terceiro día collemos o autobús para ir ás Covas do Soplao. Foi unha



experiencia entrañable, pois tivémonos que vestir con roupas de mineiros e explorar os tesouros tan maravillosos que gardan as covas representados en magníficas construcións rochosas. Ese mesmo día pola

tarde, visitamos o Museo Xurásico. Tivemos unha guía moi ben preparada que falaba moi ben, polo que a visita resultou moi interesante e instrutiva. Despois de estar somerxidos na vida de fai millóns de anos, tivemos que volver ao 2013 para visitar “Cangas de Onís”, un pobo que utilizamos para pasear e darnos conta da importancia que teñen as vacas en Asturias. Cando chegamos ao novo hotel, descubrimos que era moito peor ca o anterior, sobre todo as habitacións.

O día seguinte visitamos os bufóns de Pría pola mañá e realizamos rafting pola tarde. Hai que dicir que a visita aos bufóns estivo dominada por un contratempo non previsto, e é que soamente botan auga cando o mar está revolto, algo que non ocorría cando nós os visitamos: O noso gozo, nun pozo! Pola tarde realizamos o rafting, unha experiencia que case todos agardábamos con moita emoción. Pasámolo todos xenial debido aos increíbles rápidos, aos instrutores que nos acompañaron e á esencia da experiencia en si.

O último día da viaxe dedicámola a realizar unha ruta chamada a Ruta do Oso. Camiñamos varios quilómetros por sendeiros moi ben coidados e entre verdes montañas que contrastaban co ceo azul no que Lourenzo nos agarimaba cos seus raios. Rematada a caminata, e coa canseira enriba, collemos de novo o autobús para regresar á Vigo onde nos agardaban as vacacións de Semana Santa sen estrear.



Vera Rodríguez Naz, 4ºESO A

De alumna a *teacher*. Crónica dunha profesora novel

Sempre me resultou curioso o relativo do paso do tempo. Días que semellan eternos e anos que duran o que un telexornal. Eu xustamente acabo de vivir un mes que pasou voando, un mes que quero compartir con todos vós.

Mais empecemos polo que se supón é o comezo da historia. Para os que non me coñecedes, chámome Zarina, 24 anos, e o meu currículo di que son tradutora e intérprete. Porén, despois de cinco anos de carreira cun ordenador como fiel acompañante de traballo, cansei da soidade e do illamento social. Ao rematar, decidín que quero unha profesión na que o compoñente humano teña unha parte fundamental, e foi así como pasei de alumna (na carreira) a profe (de inglés) nos meses que durou o mestrado.

O 21 de marzo comezaba as prácticas como *teacher* no Alexandre Bóveda. Debo confesar que máis que medo, sentía pánico. Non me faltaban motivos: son moi nova, cero experiencia con rapaces, descoñecía o funcionamento do centro e podía ser que despois de todo, dar clase non fose o meu. A só unha semana de rematar podo dicir que este foi un dos meses máis enriquecedores da miña vida. Marcho, como dicimos os galegos, que teño que marchar, mais lévome unha gran experiencia e os petos cheos de recordos.

No Alexandre Bóveda sentínme coma na casa. O departamento de inglés fíxome un oco adoptando a famosa filosofía de que onde caben dous, caben tres. O centro implicouse na integración de todos os alumnos en prácticas, e é que o ambiente docente deste instituto é algo especial. De todo o que aprendín con relación ao funcionamento interno dun centro, lévome o ingrediente máxico na receita do éxito: a implicación de todos e cada un dos membros da comunidade educativa.



E que dicir dos alumnos? Cada clase é un mundo en pequeniño, cada estudante, do seu pai e da súa nai. Eles foron, sen o saber, os primeiros alumnos desta profesora novel, e podo afirmar que aprendín eu máis deles que eles de min. Nunca deixarei de marabillarme ante todo o que os rapaces son quen de ensinarnos, como fan espertar cada día ese neno que todos levamos dentro. Eles fan do ensino unha profesión máxica.

E sen máis, haberá que ir pechando este capítulo. Iso si, fágoo cun “Até pronto!”, porque a vida évos vella feiticeira e nunca se sabe cando nos volverá reunir. Non podo marchar sen darvos antes as grazas a todos e cada un de vós por acompañarme nesta nova etapa da miña singradura persoal e profesional. Vós confirmastes a sospeita de que cambiar o rumbo pode ser un gran acerto.

Zarina Riva fixo o Mestrado para profesores de secundaria no noso instituto.

Ola,

Non me coñeces, pero eu a ti si. Sei quen es. Sei que non lle gustabas aos seus pais. Sei tamén que todos aqueles bombóns, flores e xoias eran regalos teus. Que os días pasaban como nunha fábula. Que a querías como á túa vida. Que lle regalabas os teus mellores sorrisos e que lle dabas os bos días cunha chamada. Sei tamén que a ías buscar ao pavillón cando ela saía de adestrar. Sei que ela te chamaba nas noites de esmorga, borracha, para dicirte que te quería. Seino todo. Ata o último dos teus movementos. Repito, sei moi ben quen es. Sei o brando que es aínda que te escondas tras esa máscara ridícula de dureza. Coñezo ata a túa máis escondida debilidade. Sei onde viaxaches. Con que rapazas coqueteaches sen importarche o que ela pensaba.

Tranquilo, non te esfuerces en intentar recordarme, ti non me coñeces e non terías nin idea de quen son. Pero direicho. Son quen estivo con ela cando o necesitaba, cando choraba e cando non podía durmir. Son quen compartiu cuarto na súa casa cando ela non se atrevía a saír cos seus amigos por medo á túa reacción. Son quen a viu coa súa roupa máis sexy que xamais levou posta á rúa. Son tamén quen oíu berrar aos seus pais cando ela tivo que interromper un embarazo e ti non te fixeches cargo.

Aínda que non podía animala cando ti a humillabas, sei cales eran os seus soños, os seus obxectivos na vida. Eu son quen almacena todas e cada unha das cousas surrealistas que soñou cada noite mentres me abrazaba buscando algunha explicación ao que sucedía.

Ela estaba namorada, e aguantábate. Todos os días a oía entrar na casa, ducharse e deitarse. Pero aquel día non. Foi distinto. Entrou, abrazoume e chorou. Ocultouse dicíndolle á súa nai que só estaba cansa, que non lle pasaba nada. Pero o ollo morado e o labio roto non dicían o mesmo. Ese golpe foi o peor, non pola dor senón polo chock, o impacto. O primeiro golpe.

Sei que a chamaches. Que lle pediches perdón e lle deches a volta ao que pasou, Un pouco inxusto, non?. Pero ela, tan ilusa como inocente pensou que todo ía cambiar. Pero foi a máis. Rematou no hospital Recordas? Nin te presentaches.

Por fin escoitou os seus pais, ás súas amigas e profesor@s e denunciou esa violencia.

Hoxe hai exactamente tres anos que esta familia está de loito, e aínda sigo oíndo os choros dos seus pais cada noite. Polo visto unha denuncia non serviu para afastarte.

Sei perfectamente quen es. Só quería dicirte que sigo aquí. Sen un só cambio no seu cuarto e aínda non me acostumei a durmir sen compañía. Xa non coñezo as súas inquietudes porque ti non deixaches que os seus soños callasen.

Espero que xa non haxa nin bos días, nin boas tardes nin boas noites para ti. Rompiches os soños dunha moza, e os de toda a súa familia. Non constrúo soños, só os escoito. A súa almofada.

*Ariadna Iglesias 2º Bach C
Premiada en “Cartas ao maltratador”,
concurso convocado polo Concello de
Lalín*

COUSAS QUE FIXEMOS NO INSTI



CANTAMOS



“COPIAMOS”



COSIMOS



DISFRAZAMOS



EXPLICAMOS



INAUGURAMOS



MANIFESTÁMONOS



DECORAMOS



PECHÁMONOS



ENLAZAMOS VIGO



REIVINDICAMOS



VISITAMOS MUSEOS

CHARLA YASMINA : CONFLITO ISRAEL-PALESTINA



Yasmina Shawki naceu en Vigo, de nai galega e pai curdo. Os seus estudos alternaron entre a súa cidade de nacemento e a cidade de Bagdad, onde pasou unha tempada nesa etapa da súa vida. Logo volveu a Vigo e licenciouse na Universidade de Santiago de Compostela en Dereito en 1992 e ao ano seguinte en Historia Contemporánea. Despois dedicouse a dar conferencias e escribir artigos xornalísticos, sobre todo centrados en temas relacionados con Oriente Medio, ademais de colaborar en varias revistas. Tamén publica un artigo de opinión de modo semanal nas páxinas de "A Voz de Galicia" e colabora no programa radiofónico "Ao final do día" de Radio Voz. De momento a súa produción literaria ten tanto obras en castelán como en galego. En castelán "*Curdos, destino liberdade*" (2007), en galego "*Contos ao carón dá lareira*" (2007) e a novela, "*Fundación Libélula*" que é unha novela curta, de pouco menos de cen páxinas que probablemente o ano que vén sexa de lectura obrigatoria na materia de galego, porque é unha novela diferente ás que se estableceron no noso centro dende hai algúns anos. Ademais, @salumn@s que a lean, veranse moi identificados co espazo porque toda a historia transcorre en Vigo

Yasmina veu o 12 de Abril de 2013, a darnos unha charla sobre un tema que xa tratamos en clase, o de Israel-Palestina.

O seu pai, mencionado na mini biografía de Yasmina, é curdo-israelí, polo tanto a súa filla está ao tanto do conflito e é unha das persoas mellor preparadas e máis cualificadas para darnos esta charla. Porque, por dicilo dalgunha forma: Quen mellor ca ela para darnos esta charla?.

O título que se lle puxo á charla foi *POR UNHAS OLIVAS*, isto veu a conto de que durante aquela época, os xudeus convivían cos árabes que eran os que mandaban, ao principio había paz entre ambos os dous porque os xudeus pagaban os seus elevados impostos e todos tan contentos. Ao mesmo tempo, en torno ao campo, os palestinos eran os donos de todas as árbores, pero as terras eran dos ricos, entón estes cando chegaron os xudeus ás súas terras, tallaron todas as árbores e de aquí derivábase ese "*mal rollo*" entre ambos os dous.

O conflito Árabe-Israelí non é un feito actual, nin tampouco é un feito puntual; é un conflito que se orixinou hai miles de anos, entre dous pobos que reclaman como súa unha terra catalogada de Santa para as tres máis grandes

relixións do mundo, non só por ser a Terra prometida, senón a necesidade de ter un fogar que non se encontre baixo a liña de pobreza.

HISTORIA DO CONFLITO:

Todo comezou hai miles de anos co nacemento de Cristo. O protagonista foi o profeta Abraham. A Biblia relata nos capítulos da Xénese, que o profeta Abraham ten dous fillos, un coa súa esposa e un coa escrava da súa esposa, Isaac e Ismael respectivamente.

O seu fillo Isaac, o máis afortunado de todos, é o que consagrará a alianza con Deus, é el quen formará o pobo que levará o nome de Abraham como Gran Patriarca, o pobo Xudeu.

O seu fillo Ismael foi o menos afortunado dos dous, xa que era desprezado pola familia de Abraham e moito máis pola muller del, Saray.

"...Eu multiplicarei de tal xeito o número dos teus descendentes que ninguén poderá contalos... Farei del unha gran nación..." Son as mensaxes do Señor á nai de Ismael. Esa gran nación resultou ser o pobo Palestino.

O conflito empézase a desenvolver cando os dous pobos descendentes de Abraham reclaman a terra entregada por Deus a este (dende Exipto ata o Río Eufrates) como súa. Esa zona comprende actualmente, entre outras partes, Israel, Cisjordania, Xerusalén e a Franxa de Gaza; que son lugares claves onde o conflito vai tomar o seu maior desenvolvemento..

A zona coñecida como Oriente Medio (tradicionalmente se designa como Oriente Medio á rexión equivalente ao sudoeste de Asia, polo que con frecuencia adoita ser similar ou sinónimo de Oriente Próximo: este, Oriente Próximo é un termo contemporáneo inventado polos ingleses e era considerada unha zona de trasição para que os ingleses puidesen chegar á súa colonia, India), sufriu moitas conquistas de diferentes pobos, o que vai provocar un feito que incrementará o conflito no 1947.

A rexión foi habitada e gobernada polos faraóns en torno ao 2800 AC, e posteriormente dominada por hicsos, hititas, cananeos ou fenicios. Cara a 1250 AC producíronse as primeiras conquistas hebreas; e arredor do ano 70 AC a zona é conquistada polo Imperio Romano, que expulsa os xudeus e lle dá o nome de Palestina, a partir do nome doutro dos pobos que a poboaron, os filisteos. O maior dominio israelita sucedería no 1000-957 AC, cando tiveron lugar os reinados de David e Salomón. Dende o 539 AC dominaron a rexión os persas, en 332 AC os macedonios con Alejandro Magno, os xudeus hasmoneos, e os romanos dende o 63 AC.

Na época bizantina (330-637 DC), gran parte da poboación converteuse ao cristianismo e en 637 DC a rexión é conquistada polo Califato que impón o Islam.

Dende 1099, e durante case 100 anos, a zona estivo dominada por diferentes reinos cruzados ata que en 1516 a zona pasou a formar parte do Imperio otomán, como provincia de Palestina.

Tras a derrota do Imperio otomán na Primeira Guerra Mundial, a Sociedade de Nacións outorgou o mandato sobre Palestina a Gran Bretaña, na Conferencia de

San Remo de 1920. O territorio a administrar incluía todo o que é actualmente Israel, Cisjordania con Xerusalén Leste, a Franxa de Gaza e Xordania.

En 1947 a ONU aprobou o Plan de Partición de Palestina, que propoñía a súa división en dous estados, outorgando dese xeito o 55% dos territorios ao pobo de Israel e os outros 45% ao pobo de Palestina.

Con esta división os pobos entraron nun conflito permanente, agora non polo territorio, senón tamén pola súa relixión, porque xa a poboación Palestina non era na súa maioría Xudía senón que se convertira ao Islam.

*** Nota: debemos ter en conta de que a pesar de que non nolo dixesen nunca, a relixión xudía e a árabe son a mesma relixión, é dicir, teñen unha orixe común (descenden ambas as dúas relixións dos Curdos)*

En 1948 Gran Bretaña finaliza o seu mandato sobre a zona e fúndase o estado de Israel, ao cal chegarían xudeus de todas as partes do mundo, xa que é a súa Terra Prometida. Tras a Guerra da Independencia, librada contra cinco estados árabes agresores, quedaría Cisjordania, incluíndo Xerusalén Leste, baixo ocupación xordana; a Franxa de Gaza foi ocupada por Exipto. Israel conquistara un 26% adicional do territorio adxudicado no Plan. Tras a guerra, o 70% da poboación Palestina de Israel abandonou os seus fogares, pasando a ser refuxiados, que se hospedarían en campos para refuxiados da ONU.

En 1964 fúndase en Xerusalén a Organización para a Liberación de Palestina (OLP), que dende 1969 sería controlada pola organización Al Fatah, dirixida por Yasser Arafat. En 1974, sería recoñecida pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas como a representante do pobo árabe palestino.

Durante a Guerra dos Seis Días, en 1967, Israel conquista a Franxa de Gaza a Exipto, e Cisjordania e Xerusalén Leste a Xordania, que previamente anexionara este territorio, xunto cos territorios sirios dos Altos do Golán e a península exipcia do Sinaí.

Exipto renunciou ás súas demandas sobre a Franxa de Gaza en 1979, mentres que Xordania fixo o propio con Cisjordania en 1988.


Dende 1967 Cisjordania, incluíndo Xerusalén Leste, e a Franxa de Gaza encóntranse baixo ocupación militar israelí.

En 1987 xorde a primeira Intifada, que é unha organización Palestina que propón a súa liberación, é un levantamento civil, que se caracteriza por moita violencia.

En 1991 comezaron as negociacións de paz que deberían ter culminado coa creación dun estado árabe sobre Gaza e parte de Cisjordania. As negociacións levaron aos Acordos de Oslo, a partir dos cales Israel comezou unha lenta retirada dos territorios ocupados, basicamente dos centros de poboación, transferindo a responsabilidade á Autoridade Palestina.

O ano 2000 é o ano de aparición da segunda Intifada, moito mais violenta que a primeira, se caracteriza polas bombas suicidas.

No ano 2005 o goberno de Israel propón o desmantelamento das colonias xudías da Franxa de Gaza, recolocándoos noutros territorios dentro das fronteiras de Israel.



VALORACIÓN DA CONFERENCIA:

A charla que nos ofreceu Yasmina sobre o conflito estivo xenial, achegou datos que non tiña nin idea de que eran así, como o de que a relixión xudía e árabe son a mesma. Botei en falta que houbera, non sei como dicilo... unha información que non fose tan histórica porque sinceramente, nesa parte da conferencia lieime un pouco á hora de tomar os apuntamentos. Claramente é necesario saber cales son as orixes do conflito, pero a min o que máis me interesa é como se vive o conflito na actualidade, porque por desgracia o que pasou no pasado non o podemos cambiar porque é imposible dar marcha atrás no tempo. Pero o que si que podemos facer, é a través do que sabemos que sucede hoxe en día neste territorio, e así actuar e ir de cheo á raíz do que os enfrenta hoxe en día.

Por exemplo, na clase, tratamos o tema dende o punto de vista estadounidense, que estaban enganados porque non lles interesaba dicir a verdade xa que Isarel é a súa aliada, e deixaban aos Palestinos como os *"malos da película"*.

En fin.... Hai que abrir os ollos e cambiar esta situación XA!!! O que podemos facer @sciudadan@s é presionar aos gobernos a que tomen dunha santa vez cartas no asunto para que propoñan definitivamente unha solución.

Alejandro Vázquez Somoza, 2º Bach C

Almas corrompidas

Le acababa de prometer que no lo haría. Se lo acababa de prometer y ya estaba en el baño, intentando que sus dedos, anular y corazón llegaran a la campanilla. No era capaz, no la encontraba, los sacó y se sentó en el suelo del baño, llorando. Enterró la cabeza entre las piernas y se tapó los oídos con las manos. *Gorda. Fea. Imbécil. Idiota. Tonta. Inútil.* Esas miradas de asco, esas risas. Siempre había pensado en esto como una solución posible, pero nunca se había atrevido, salvo aquella mañana.

Estaba estudiando literatura en su cuarto, sus padres no estaban. Se encontraba mal. Quería morirse. Encendió el ordenador, para ver si estaba. Necesitaba hablar con ella, pero al día siguiente tenía examen de Física y Química y estaría repasando. No la encontró, esa fue la gota que colmó el vaso, que la hizo perder los papeles. Se levantó, lentamente, sin prisas. Miró como sus piernas se movían. Dos piernas gordas, feas. Iba a hacerlo. Quedarse quieta no era una posibilidad. Ya no. Lo pensó, se miró al espejo, abrió la tapa y metió los dedos. Fácil ¿no? No, no lo era, no lo conseguía. Volvió a estudiar, se sentó e intentó concentrarse. No podía y ella no estaba, y no podía culparla porque no podía imaginar esto. Había estado ahí durante meses y ella lo intentaba justo cuando no podía detenerla. Pensó que le diría. Nada demasiado grave. *Merecía la pena.* Volvió, y tampoco lo consiguió pero no iba a salir de ese pequeño cuarto hasta haberlo hecho. Siguió y siguió hasta que salió. No era mucho, pero se sentía satisfecha. Se miró al espejo y sonrió. Se lavó las manos y continuó estudiando. Así empezó todo.

Era lunes. Iba a clase, todo bien ¿no? No, nada bien. Estaba sola. Se preguntaba donde estarían sus amigas. Pasó por el pasillo, atestado de gente y sentía sus miradas acusatorias. Acusatorias y críticas. Quería ir al baño, quería ir ya... Le había prometido que no lo haría. Volvió de clase, subió por las escaleras. ¿Qué importaba vivir en un 10º? Adelgazaría a toda costa. Quería hacerlo, meterse en el baño. Pero no había comido en toda la mañana y no serviría para nada. Pensó hacerlo después de comer. Pero tenía baile esa tarde, y si lo hacía y se desmayaba, ella se acabaría enterando. Mañana. Fue a clase por la tarde, como cada lunes. Que deprimente. Volvió a casa con ganas de llorar. No sabía por qué. Estaba lloviendo, quería llorar pero reía porque el chico la hacía reírse. Subió a casa, no iría a baile, se encontraba mal. Miró la galleta que no se había comido esa mañana. Chocolate, su mayor vicio y su perdición. Estuvo un rato mirándola hasta que optó por comérsela. La estúpida galleta. *La fatídica galleta.* Así es como ella la llamaba, porque le había hecho romper su promesa, la más importante que había hecho en su vida. Lo hizo y lloró, consciente de sus actos. *"Lo siento, lo siento, lo siento."* Eso era lo único que se repetía, sentada en el frío suelo de mármol del baño, hecha un ovillo, balanceándose de adelante a atrás. No podía decírselo a 'la cara'. Así que le escribiría. Ella vivía lejos, demasiado como para hablar con ella cara a cara y sólo le quedaba internet; horrible; siempre que se sentía mal cogía el móvil y lo escuchaba. Se lo sabía de memoria:

'Hola peque, sólo decirte que te quiero mucho y que me gustaría poder abrazarte pero la distancia no me deja. Eres increíble. Te quiero.'

Ella siempre le decía "T'estime" pero Carla sabía que ese "Te quiero" era real. Porque lo había grabado. Había escuchado su voz por primera vez. Le encantaba escucharla decir 'peque'. La ayudaba a seguir. Pero esta vez no. Esta vez ya no.

El primer mensaje que le puso le dolió, pero fue peor a medida que avanzaba la conversación.

Si vuelves a hacerlo desapareceré.

Mar, si no soy capaz y te pierdo, no podría vivir con ello.

Lloró en la almohada. La perdería, la perdería para siempre. Y se quedaría sola.

Martes. Fue a clase, se encontraba mal. Sacó fuerzas se levantó y fue. Examen de plástica. Menudo desastre. No era su culpa no entenderlo, y el profesor siempre la hacía quedar en ridículo, que se rieran de ella, por no decir que siempre torcía la boca cuando ella hablaba. Quería salir corriendo al baño, lo sabía. Lo sabía. Supuso que esto pasaría y se había apuntado Mar en la mano, para recordarle que ella estaba allí. Con ella. Por muchos 963 kilómetros que las separaran. Y luego una carta de la profesora a casa. Ahora sí quería hacerlo. Pero se mantuvo fuerte. Por ella.

Miércoles. Lo conseguía. Lo conseguía. No había pensado en eso, no quería hacerlo. Llegó a casa con la nota. Se la dio a sus padres, y empezó la bronca. Salió llorando del salón y se encerró en el baño. Metió los dedos. 'No Carla, no puedes hacerte esto, y menos a ella. Ya no por ti, pero si por Mar. ¡Por favor!' Se los mordió, fuerte. Casi sangraba pero merecía la pena si era por ella. Solo si era por ella.

No sabía cómo solucionarlo, sabía que esto seguiría, que alguna vez se le escaparía y no quería mentirle, y si sucediera no lo haría. Sabía que le iba a llevar tiempo. Pero se sentía tan bien cuando lo hacía. Tan guapa... Ahora, sin embargo, se sentía horrible. Horrorosa. ¿Realmente lo era? Le daba igual. Todo le iba mal. Había pensado en suicidarse meses atrás pero esta era la solución más cobarde. Si fuera valiente lo hubiera hecho. Eso pensaba ella. Pero no era así. Recordaba la letra de aquella canción que decía que ya no sabía cómo poner los pies en la tierra y recomenzar. Y ella se sentía así. Tres días insoportables, tres días eternos, que se convertirían en muchos más. Y se convirtieron en muchos más. Muchos sin contarlos. Ahogándose en silencio.

María Lage 3ºC é una das gañadoras do concurso de relatos convocado polo departamento de Lingua Española



REALIDADE AUMENTADA NO BARRIO DE COIA

Grazas a un proxecto do profesorado do centro, o Roteiro por Coia, este barrio tese convertido nun dos primeiros de Galiza que pode percorrerse utilizando a tecnoloxía da Realidade Aumentada.

Esta tecnoloxía é de uso habitual en consolas, *smartphones* e *tablets*: ao visualizar coa cámara de fotos algo real (unha mesa do salón, a praza de América), grazas a un software instalado acedemos a unha información virtual que aumenta a información, a realidade, do que estamos a ver (aparece un monstro que podemos desintegrar na mesa, vemos a farmacia máis cercana da nosa posición).

Se tedes unha tablet ou smartphone e queredes probar a realidade aumentada, podedes facelo baixando a app gratuita **WIKITUDE**. Con esta app, conectando o GPS e a tarifa de datos, podes pasear por unha cidade obtendo información instantánea do sito onde estás: nome da rúa, comercios máis cercanos, información dos monumentos, etc,...



Unha das tecnoloxías máis sinxelas de realidade aumentada son os **códigos QR**: son coma códigos de barras que ao visualizalos coa cámara de fotos se escanea a súa información almacenada. Esta información poden ser os datos dunha persoa ou empresa, unha ligazón web...

O roteiro por Coia consiste nun percorrido con 12 paradas no barrio. Cada parada leva asociada diversos temas: a toponimia da zona, un aspecto da historia do barrio,...

Grazas a colaboración do Concello vense de colocar unha placa en cada parada. Nestas placas hai un código QR que permite acceder dende un móbil ou tablet a información desa parada. Ao entrar na páxina web se acede un audio que resume os contidos da parada, ao estilo das audioguías nos museos. Así pode camiñarse polo roteiro e acceder á información simultaneamente. Quen desexa máis información pode ler o texto, ou entrar na wiki cando esté diante dun ordenador.



Dpto. de Tecnoloxía : tecnoboveda.blogspot.com, [@tecnocoia](https://twitter.com/tecnocoia)

Receta de la felicidad

INGREDIENTES:

- 1mg de recuerdos infantiles 10 paquetes de alegría
- 2 tazas de sonrisas 1 pizca de locura
- 2,5 kg de esperanza 8kg de amor
- 100gr de ternura 5Kg de paciencia
- 5 latas de cariño

MODO DE PREPARACIÓN




1. Limpia los recuerdos quitándoles las partes echadas a perder. Agrégale una a una las sonrisas hasta formar una pasta suave y dulce.
2. Añade las esperanzas y permite que reposen .
3. Parte los paquetes de alegría en pedacitos y mézclalo con todo el cariño.
4. Incorpora, la paciencia ,la ternura y la locura.
5. Divide en porciones iguales todo el amor y cúbrelo con la mezcla anterior.
6. Hornéalo durante toda tu vida en el horno de tu corazón.



*Adaptado de Internet por Lea Iglesias Hervella 2º ESO E
(Colaboración do departamento de Lingua castelá)*


XENTE DO INSTI

JUAN E AARÓN



SON JUAN E LEVO TOCANDO A GUITARRA DESDE OS 11 ANOS. AGORA NO CONSERVATORIO PROFESIONAL-FAGO BACHARELATO E ESTUDIO ALEMÁN NA ESCOLA DE IDIOMAS. VEXO O MEU FUTURO SEMPRE COA GUITARRA.

EU SON AARÓN E TOCO O PIANO DESDE OS 7. TAMÉN ESTUDIO NO CONSERVATORIO PROFESIONAL ADEMAIS DE ALEMÁN E BACHARELATO. SE TE ORGANIZAS BEN, O DÍA DÁ PARA TODO



UNHA VIAXE AO CARIBE.

Somos a clase de 'cuarto de diversificación'. Coa pouca sorte que ten o noso grupo, xa que sempre se esquecen de nós literalmente, tanto á hora de repartir os papeis das saídas, como en vir buscar o parte, ou en avisar á nosa delegada para asistir as reunións, pois tivemos a idea de presentarnos a un concurso para gañar unha viaxe ao Caribe. Obviamente pensabamos que non nos ía tocar, pero ese típico luns no que chegas a clase cos ollos achicados polo maldito sono e sen ganas de nada, a nosa profesora de Ciencias Naturais moi seria, sentouse na cadeira, mirounos, e dixo: 'Ladies and gentlemen, preparade as maletas cos chourizos e "criollos" porque imos viaxar ao caloroso Caribe'

1. O BILLETE.

Nós encargámonos de ir recoller os billetes para ao avión que costa un ril e parte de outro, pero para nos era un agasallazo, se facíamos o que nos propuxeron.

Cando tivemos o billete nas nosas mans decatámonos de que estaba feito de papel, e como tiñamos que relacionar as cousas do Caribe coa química puxémonos a investigar.

E atopamos que o papel esta feito de fibras vexetais, que se encontran nas árbores, e teñen que pasar por longos procesos ata chegar ao folio que coñecemos.

Para a fabricación do papel primeiro tálanse as árbores e con isto prepárase a polpa celulósica, logo disto mistúrase con diferentes sustancias como a auga e queda unha disolución acuosa, que xa está preparada para o seguinte proceso que debulla a polpa; o seguinte paso é separar a auga mediante o filtrado, despois disto enrólanse en enormes bobinas.

O seu nome provén do Antigo Exipto onde escribían en papiros que de aí deriva a palabra papel.

Sabías que na Idade Media usaban o pergamiño, que os facían con peles de animais pero que era moi custoso? Sabías que os chineses, mira que listiños, foron os primeiros en fabricar a primeira folla de papel e que a primeira folla foi feita no 150 a.C e que está feita de trapos moi vellos?

E cos anos o papel converteuse nun dos produtos máis usados da nosa cultura.

1.2. A TINTA.

Xa tiñamos unha folla de papel, agora precisábase algo para escribir e por iso se fabricou a tinta.

A tinta comezou a utilizarse hai unha tirada de tempo, uns 3000 anos.

A cor máis utilizada era o negro que se facía con po de fume e goma, pero en China tamén se utilizaba a tinta vermella que se fabricaba con púrpura procedente dos moluscos, pero logo disto tamén se comezaron a utilizar a prata, o ouro e tamén materiais metálicos.

2. MALETAS

Xa que imos ó Caribe teremos que elixir unha maleta boa que non pese moito e poidamos traer cousas fráxiles como algún recordo de alí. Mellor que teña rodas porque así é máis fácil de levar polo aeroporto. Intentaremos mercar unha maleta que se axuste ao noso orzamento. Nós cremos que o mellor sería unha semirríxida que están feitas de policarbonato, oín esa palabra hoxe por primeira vez, din que resisten ben os golpes e son as máis lixeiras.

E vós sabedes o que é o policarbonato? Vóuvolo contar: o policarbonato é un termoplástico que se pode deformar, derrétese cando se quenta, pódese moldear e endurecese cando se arrefría. A vantaxe que ten este material é que despois de quentarse e moldearse pode requentarse e formar outros obxectos, é dicir, son reutilizables.

O que se pode aprender preparando unha viaxe...!

3. ROUPA

Para a viaxe temos que elixir tamén a roupa que levar e pensamos que como fai bastante calor hai que levar roupa cómoda e lixeira.

Como temos que explicar que relación ten coa química, porque senón non nos pagan a viaxe, explicaremos os materiais da roupa.

O material do que esta feito a roupa pode ser de diferentes orixes:

Pode ser natural, que a súa vez pode ser: de orixe vexetal como o algodón, lino, esparto...

Ou de orixe animal como a la e a seda.

O algodón ten un tacto moi agradable e cómodo, a la é moi illante e a seda é lixeira e cómoda.

Tamén poden ser de orixe sintética que son derivadas do petróleo e do carbón, quen o diría...Hai diferentes tipos:

Nylon: ten gran resistencia ó desgaste, a tracción e a abrasión.

Poliéster: Material que atrapa o aire quente e forma unha capa illante.

Polipropileno: Absorbe moi pouca auga.

Clorofibra: Alta capacidade térmica pero baixa transpirabilidade.

Elastano, spandex (Lycra): Confire propiedades elásticas o tecido, mestúrase con outras fibras permitindo que o tecido se adapte ó corpo.

Cremos que con isto estades xa ben informados sobre os materiais de que está feita a roupa.

4. O AEROPORTO.

Esta é a miña primeira vez que vou en avión, polo que descoñecía que hai cousas que non se poden levar na equipaxe. Cando cheguei ao aeroporto había un cartel onde poñía os produtos que non poden levar, como por exemplo; explosivos (dinamitas, petardos,

bombas..), gases inflamables (butano, laca..), líquidos (so podes levar 100 ml, xa que con máis "ml" pódese chegar a fabricar explosivos), etc. Para poder entrar no avión antes tiven que pasar polas aduanas, pero non houbo problema, xa que non levaba ningún material dos prohibidos. A espera para poder embarcar foi de unha hora.

5. ATRAVESANDO O OCÉANO.

Subimos no avión e ó entrar pensamos que nos ían poñer a facer ximnasia, xa que as azafatas nos paraban de mover os brazos, pero despois comezaron a dicir que iamos voar a unha altura duns 10 ou 12 km, a unha velocidade de 900 km/h, e pensamos que tivera sido mellor levar un paracaídas.

Preguntámoslle á azafata por que se voaba a esa altura e díxonos que se debía a que a densidade do aire é menor, e así gasta menos combustible e ademais evitan efectos meteorolóxicos que ocorren a unha altura menor, como os raios, ventos... **MENOS MAL QUE NON NOS VAI CHOVER!!**

E agora ímosvos contar algo máis: ¿ Sabiades que o aire que respiramos contén fundamentalmente 3 gases que son: Nitróxeno, Osíxeno, Dióxido de Carbono aínda que tamén ten outros pero en menos cantidade. A composición varía se o aire está contaminado, non sei cal será a composición do aire dentro do avión.

A esta altura, a temperatura do aire fora do avión alcanza os -50°C , **MENUDO FRÍO QUE DEBE FACER AÍ FÓRA!!!**

O avión, hoxe en día está equipado cun bo sistema para manter a temperatura estable no interior da cabina.

6. O AVIÓN.

O voo duraba aproximadamente oito horas, e puxéronnos un vídeo de química sobre os materiais dos que se compón o avión para que a viaxe non se nos fixese demasiado pesada. O avión está feito de "fibra de vidro", esta está formada por finos fíos de cristal, "carbono", que é un elemento químico, "titanio", que ten alta resistencia a corrosión e gran resistencia mecánica, "cartón" e "tea". Despois explicáronnos que utilizan o queroseno, que é un dos líquidos transparente que se obtén por destilación do petróleo, como combustible, xa que non se conxela a -35°C , pola contra, ¿sabiades que as avionetas utilizan unha gasolina distinta? pois si, esta é a gasolina de aviación "avgas". Cando rematou o vídeo botei unha cabezadiña e o espertar decateime que estabamos a aterrar.

7. UNHA PRAIA DE SOÑO.

E por fin chegamos á praia do Caribe, miramos á area e a auga era tan transparente que se podían ver dende varios metros antes de chegar os peixes nadando por riba da area.



Como teño que falar da química aproveito para contarvos que segundo dixo o guía a area está composta de sílice que é unha substancia que ten silicio e osíxeno. Tamén nos dixo que a area pode ser: area volcánica que é de cor negra, e area de praias con arrecifes de coral que é de cor branca.

O home non paraba de falar, tamén nos contou que a area é un conxunto de pequenos anaqüiños de rochas que non están unidas e serve para fabricar vidro que se utiliza para o illamento térmico, eléctrico e acústico e para fabricar distintos obxectos con materiais como o cristal que se utiliza para fabricar botellas, vasos...

A auga do mar como xa sabedes é unha solución composta por auga e distintos tipos de sales.

Na volta viaxamos de noite, polo que nos tocou cear na metade do voo. Sabiades que utilizan para conservar os alimentos no avión?

Usan o ácido sórbico, para conservar o queixo, a pataca e a marmelada, os nitratos e nitritos aplícanos nos produtos cárnicos, como os embutidos, o xamón.. para protexelo das bacterias, e o ácido benzoico e as súas sales de calcio "sodio e potasio" empréganse como axentes antibacterianos para os pepinillos en vinagre, xelatinas, condimentos.. A verdade é que a comida aínda así esta moi boa, pero todas estas porcalladas que lle botan non deben de ser moi sas para o noso organismo.

Grazas a esa gran viaxe deixamos de discutir entre nós e fixemos moitas cousas xuntos. Pasamos unha semana marabillosa..

Noa Novas Padín
Agustina B. Rodríguez
Kimberly Casado Comesaña
Carla Manuela Lorenzo
Alma Pérez

Xabier González Jorge
Erik Pousa Carro
David Lestón
Alvaro Frühinsfeld

UN DÍA EN GUIMARÃES (16/4/2013)

Hoxe realizamos unha viaxe a unha cidade de Portugal chamada Guimarães. Este lugar é moi especial debido a que, a diferenza que na maior parte de Galicia, o seu patrimonio cultural e histórico está moi ben conservado. Por este motivo foi nomeada pola Unión Europea “Cidade da Cultura” no pasado ano 2012. Este título supuxo a chegada dunha gran cantidade de cartos que foron invertidos en mellorar a calidade urbanística desta cidade, destacando a creación de hortas urbanas e a restauración dun barrio entre outros proxectos.

O noso itinerario consistiu en visitar os lugares máis fermosos e coñecidos da cidade, pero sobre todo os sitios que máis poden influír na nosa xeración para tentar que a diferenza entre o coidado do patrimonio portugués e o galego non sexa tan grande. Comezamos o día cunha viaxe en autobús onde a profe nos repartiu unhas fotocopias nas que estaba escrita a famosa canción portuguesa "Grândola, Vila Morena" que cantaríamos ao longo da viaxe e tamén unha especie de explicación sobre a importancia e a historia desta melodía. Nada máis chegar á cidade, baixamos do autobús para dar unha pequena volta polos rúes da vila. Durante o noso percorrido visitamos varias prazas, o concello, unhas ruínas que conmemoraban unha batalla,... ademais de descubrir a importancia da relixión católica neste país, representada pola gran cantidade de igrexas e centros de culto. Despois desta



pequena “introdución” a Guimarães, durante a cal sacamos varias fotos, dirixímonos cara o “Pazo dos Duques de Bragança” e ás ruínas do castelo. Durante a visita tivemos unha guía moi eficiente que falaba moi ben e nos permitiu entrever as comúns raíces das nosas linguas mentres nos contaba a historia de Portugal e do pazo apoiándose nas recreacións da época tan ben realizadas. Tamén puidemos disfrutar dunha sorpresa engadida, como é a visión dunhas aves rapaces e a sensación de calidez que producen ao collelas no brazo. A nosa seguinte parada foi o teleférico que nos ía levar ao lugar destinado ao xantar. Foi unha bonita experiencia a que compartimos

montando neste medio de transporte tan único, pois as vistas que nos regalou non teñen prezo. O noso lugar para repoñer forzas resultou ser a “Montanha da Penha”, un paraíso natural onde as árbores perden protagonismo contra as increíbles formacións de pedras que atopamos. Despois de xantar e de xogar entre as enormes rochas onde pasamos un tempo moi agradable, chegou o momento de baixar de novo á vila para visitar o barrio restaurado co diñeiro concedido pola UE, chamado barrio de Curtidores. Aínda que a visita foi breve, tamén foi suficiente para decatarnos da forma tan lóxica que tiveron para restauralo, pois non realizaron ningún estrago a favor do “feísmo” urbanístico tan presente, por desgraza, na nosa cidade. A última hora de visita a Guimarães, antes de partir de volta a Vigo, dedicámola a utilizar o tempo libre do que dispuñamos para tomarnos na fermosa alameda, xogar ao fútbol, rir, pasalo ben ou simplemente deixarnos agarimar polos raios de Sol tan ausentes nesta tímida primavera.

Vera Rodríguez Naz, 4ºESO A

MOVÉMONOS BASTANTE



ANDORRA



AS CATEDRAIS



A CORUÑA



GUIMARÃES



MAGOSTO



PARÍS



LISBOA


LISBOA



LONDRES

LONDRES





BBA

GRADO EN ADMINISTRACIÓN
Y DIRECCIÓN DE EMPRESAS

**BUSINESS
SCHOOL
OF LEADERS**

VEN **ao** **ÚNICO**

GRADO EN ADE

de **G**alicia con **D**obre
titulación **i**nternacional

Infórmate de todo na nosa web
www.escoladenegociosncg.edu/bba/

Sede Vigo
Telf.: 986 49 32 52
Avda. Madrid, 60.
36204, Vigo

facebook.  
www.escoladenegociosncg.edu

 **escuela de negocios**
nova caixagalicia
BUSINESS SCHOOL OF LEADERS

PREMIOS ETC



GAÑADORES DO RALLYE
MATEMÁTICO 1º ESO



GAÑADOR DA OLIMPIADA MAT 2º ESO



○ BESBELLO SALTÓN

IES ALEXANDRE BOVEDA



2012-2013